

## ACTA

Expediente núm.:

XGL/2019/19

Órgano Colexiado:

A Xunta de Goberno Local

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «NECESIDADE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS EN RELACIÓN COS ASUNTOS RELACIONADOS»
<b>Data</b>	1 de agosto de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 11:35 ata as 11:50 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE XUNTAS
<b>Presidida por</b>	FATIMA ABAL ROMA
<b>Secretario</b>	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES: D. Constantino Cordal Rodríguez, D. Samuel Lago Ozón, D. Xurxo Charlín Trigo e D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Cruz Leiro Peña.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### 1.- PROPOSTA DE TRAMITACIÓN URGENTE DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL (Expte. 253/2019)

Vista a Proposta da Alcaldía, de data 30/07/2019, na que se recolle que: "O Concello de Cambados iniciou expediente para a "Xestión e docencia do conservatorio elemental e escola de música".

Resulta preciso que a prestación dos servizos de referencia se inicie con carácter previo ao inicio do curso escolar.

A celebración de eleccións locais o pasado 26.05.2019 deu lugar a conformación dun goberno en funcións durante os vinte días seguintes ata a constitución da nova Corporación Municipal, limitándose á administración ordinaria de asuntos ata a toma de posesión dos seus sucesores e sen a posibilidade de adoptar un acordo de aprobación de expediente de contratación ao

exceder das súas facultades.

O artigo 119 da LCSP admite a tramitación urxente dos expedientes nos contratos cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por cuestións de interese público, cuestión que se ve xustificada tendo en conta a necesidade anterior e a propia situación do servizo que, actualmente, se atopa pendente de regularización.

O réxime de prazos previsto para a tramitación ordinaria viría a comprometer que o inicio da prestación de servizos coincidise coa apertura do curso escolar.

Por todo o cal, en virtude das competencias atribuídas a esta Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da Lei de contratos do sector público,

Dispoño:

Acordar a tramitación urxente do expediente do contrato de servizos de "Xestión e docencia do conservatorio elemental e escola de música" cos efectos determinados na LCSP"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a tramitación urxente do expediente do contrato de servizos de "Xestión e docencia do conservatorio elemental e escola de música" cos efectos determinados na LCSP

## 2. Expediente 253/2019. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL.-

Dáse conta da seguinte Proposta da Alcaldía, de data 30/07/2019: "**Expediente 253/2019.- 1.Visto o acordo de inicio do expediente de contratación do servizo de "XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA DE MÚSICA" a adxudicar polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada tramitación urxente e con varios criterios de adxudicación.**

2.Visto que se incorporaron ao expediente en trámite:

2.1.Informe de necesidade e insuficiencia de medios

2.2.Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

2.3.Informe de Secretaría.

2.4.Informe da Intervención Municipal.

Tendo en conta que a división en lotes pode comprometer a axeitada execución do contrato, debido á coordinación que debe existir na xestión do servizo, baixo a tutela dun único director. En uso das competencias atribuídas pola Disposición Adicional Segunda da Lei de contratos do sector público, delegadas na Xunta de Goberno Local mediante Resolución do 08.07.2019 e polo que propoño a adopción do seguinte, ACORDO:

1. Aprobar o expediente de contratación do contrato de servizos de "**XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA DE MÚSICA**".

2. Aprobar o gasto e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación."

A Xunta de Goberno Local, consonte coa referida proposta e por unanimidade, ACORDA:

1. Aprobar o expediente de contratación do contrato de servizos de "**XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA DE MÚSICA**".

2. Aprobar o gasto e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL



Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO  
Número: 2019-0020 Data: 07/08/2019



Cod. Validación:  | Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>  
Para máis información electrónicamente dirixirse a esta plataforma web: <http://cambados.sedelectronica.gal/> Páxina 3 de 2

---

100

100